

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 3 DE XULLO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00029187G.

[Aprobación de actas de sesión anteriores.]
Apróbanse as actas anteriores.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/289/2020.

[Modificación de licenza de obras para construción de residencia para maiores na RÚA MONTE DO SEIXO, 21]

Autorízase a modificación da licenza de obra nova para a construción da residencia de maiores na parcela DOC EQ do Plan de Sectorización do SUNP-14 (Tras Paxonal) Rúa Monte do Seixo nº 21, con referencia catastral 7557817NH3475E0001YA concedida en sesión celebrada con data de 23/08/2021 segundo Proxecto de execución modificado redactado polo arquitecto Rafael Pier Romero, co visado colexial de data 29/12/2022 e anexos co visado colexial de 30/01/2023 e 16/05/2023, cun orzamento de execución material de 9.382.084 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de execución da arquitecta técnica Mónica María Balado Santiago.

Mantense o contido no proxecto de Execución, construción de residencia para maiores cunha capacidade de 120 prazas, repartidas nun total de 39 cuartos dobres e 42 habitacións individuais. Co obxecto de facer as habitacións máis confortables e mellorar a accesibilidade e manexo de guindastres elevadores para discapacitados nas propias habitación ampliáronse as cruxías das habitacións no ancho do edificio.

A morfoloxía da residencia non se varía, pero o aumento de cruxías implica un aumento da superficie construída e da superficie ocupada, que pasa a ser de 9.530 m² e 2.774,20 m², respectivamente.

O edificio conta cunha planta semisoto cunha superficie construída de 1.159,10 m². O volume sobre a rasante distribúese en planta baixa, cunha superficie de 2.4987,60 m² e planta primeira, segunda e terceira, de 1.961,10 m² de superficie cada unha.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3 de equipamentos do Plan de sectorización do SUNP-14.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00044403K.

[Licenza para a rehabilitación vivenda unifamiliar na rua Angustia, 48.]

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 23/02/2022 e o Anexo visado o 04/11/2022 redactados polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez, cun orzamento de execución material de 45.675,84 euros, a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa da Angustia, 48 Santiago de Compostela.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00048335R.

[Tomar coñecemento da constitución da Xunta de Compensación da AEI-D do PERI-2. Conxo de Arriba.]

Acórdase:

Primeiro: Tomar coñecemento da constitución da Xunta de Compensación da AEI-D do PERI-2 (Conxo de Arriba), en escritura pública autorizada polo notario José Ignacio Feijoo Juarros -como substituto de don Héctor R. Pardo García- o día 29.04.22,

número 417 do seu protocolo.

Segundo: Dar traslado á Xunta de Compensación do acordo de designación de novo representante municipal, adoptado pola Xunta de goberno o 26.06.2023

5. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00011729A.

Aprobación definitiva de rectificacións no Proxecto de equidistribución da UA-7 do PERI-7 (Ponte Pedriña), aprobado definitivamente o 30 de decembro de 2005.

De conformidade co artigo 273 do Regulamento da lei do solo de Galicia, apróbanse definitivamente as seguintes rectificacións no Proxecto de equidistribución da UA-7 do PERI-7 (Ponte Pedriña), que fora aprobado definitivamente o 30 de decembro de 2005:

1ª Reaxustar as participacións adxudicadas aos propietarios das parcelas iniciais 1, 2 e 3

2ª Rectificar a conta de liquidación provisoria.

6. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omisión Ref. 796/2023.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2023/140, de cuarenta e tres (43) facturas expedidas por varias empresas en concepto de servizos de copiadoras correspondente ao período entre 20 de cembro de 2022 e abril de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dipoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL SEISCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E NOVE EUROS (4.682,59 €) que comeza pola factura F/2023/1881 por importe de 14,27 euros e remata pola factura F/2023/2584 por importe de 306,08 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre 20 de decembro de 2022 e abril de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00042217C.

Aprobación da recepción definitiva das medidas correctoras derivadas do P.A.U. do estadio municipal Verónica Boquete – fase 1 (actuacións prioritarias).

Autorízase ao arquitecto municipal D. Diego Briega Argomaniz para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de MEDIDAS CORRECTORAS DERIVADAS DO P.A.U. DO ESTADIO MUNICIPAL VERÓNICA BOQUETE – FASE 1 (ACTUACIÓNS PRIORITARIAS), cun importe total (21% IVE engadido) de 145.143,58 €.

8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00028856H.

Aprobación do proxecto de construción de mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida-rúa Follas Novas.

Apróbase o proxecto de “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo Rúa Camiños da Vida-Rúa Follas Novas” presentado no rexistro con data 20 de xuño de 2023, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Plácido Gosende Tuñas coas seguintes condicións:

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 64.400,66 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 76.636,79€ (O.E.M. + 13% G.G. +

6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 92.730,52€ (O.E.C. + 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de DOUS (2) MESES

9. DEPORTES. Referencia: 2023/00014511W.

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, ano 2023.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 30 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e FEDERACIÓN GALEGA DE IUUDO E DEPORTES ASOCIADOS para o ano 2023.

10. DEPORTES. Referencia: 2023/00014515Y.

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Gallega de Kárate y D.A., ano 2023.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 30 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y D.A. para o ano 2023.

11. DEPORTES. Referencia: 2023/00014516F.

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Sociedade Deportiva Compostela, ano 2023.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 30 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA para o ano 2023.

12. DEPORTES. Referencia: 2023/00014507K.

[Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago, para o ano 2023.]

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 20.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890010, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

13. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00016767G.

[Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cocina Económica de Santiago.]

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO pola contía de 60.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051382N.

[Tomar coñecemento da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.]

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta á Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais, Servizos Básicos Comunitarios, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre maio de 2022 e maio de 2023, que supón un incremento relativo do 3,2 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 15 de xuño de 2023 no importe mensual de 975,79 € mais IVE (total: 1.180,71 €), e importe anual de 14.168,52 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 439,44 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

Anualidade 2023 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 239,25 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 200,19 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Oficina de Contabilidade.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00056418F.

Adxudicación do contrato das obras de reurbanización da rúa García Lorca.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle a MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por presentar a oferta coa mellor relación calidade prezo, o contrato que ten por obxecto as Obras de Reurbanización da rúa García Lorca.

A proposición económica presentada é de 760.580,10 € máis IVE de 159.721,82 € o que fai un total de 920.301,92 €.

Ademais, ofertou unha ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo esixido nos pregos de 5 anos a maiores, unha ampliación do orzamento das medidas de control de calidade e das de control ambiental dun 2% a maiores do mínimo exixido no proxecto.

Designase, de acordo co apartado 1.3 do PCAP, como supervisora do contrato á arquitecta municipal do servizo de Obras e Proxectos, Teresa Vázquez Hernández.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 920.301,92 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000 (Código de proxecto 2018 2 PVITE 46 1).

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00025386W.

Subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno relativo á adxudicación do contrato das obras de execución do proxecto "Medidas correctoras PAU Verónica Boquete - Fase I (Actuacións prioritarias)".

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Centros Socioculturais, Barrios e Obras de data 03/10/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 07/11/2022, relativo á adxudicación do contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto "Medidas correctoras PAU Verónica Boquete - Fase I (Actuacións prioritarias) á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL), de xeito que onde di:

“Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto "Medidas correctoras PAU Verónica Boquete - Fase I (Actuacións prioritarias), á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL por un importe total de **131.890,00 € (Base impositiva de 109.000,00 € máis IVE do 21% polo importe de 22.890,00 €)**, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 131.890,00 € con cargo á aplicación

040 93300 6320000 (Código de proxecto: 2016 2 LAZAR 86 1) dos orzamentos municipais de 2022.”

debe dicir:

“Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto "Medidas correctoras PAU Verónica Boquete - Fase I (Actuacións prioritarias), á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL por un importe total de **132.979,00 € (Base imponible de 109.900,00 € máis IVE do 21% polo importe de 23.079,00 €)**, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 132.979,00 € con cargo á aplicación 040 93300 6320000 (Código de proxecto: 2016 2 LAZAR 86 1) dos orzamentos municipais de 2022.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00023043R.

Apróbación do expediente de contratación das obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán”. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán”, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020, cun orzamento base de licitación de 352.600,95 € (base imponible de 291.405,74 € máis IVE do 21% de 61.195,21 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 352.600,95 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (Código de proxecto: 2017 2 EDUSI 11 1).

Este contrato está incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00006954J.

Adxudicación do contrato do servizo de creación do portal web, da aplicación móbil e da intranet municipal do Concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle a RIAM INTERLEARNING LAB SL o contrato que ten por obxecto Servizo de creación do portal web, da aplicación móbil e da intranet municipal do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, que presenta unha proposición económica de 219.629,20 € (IVE excluído).

Ademais RIAM INTERLEARNING LAB SL comprometeuse na súa oferta a instalar todo o software necesario no servidor, de acordo coa cláusula 10.2 B) do PCAP.

De acordo coa cláusula 19 do PCAP, designase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Informática, Jesús Rodríguez Castro.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 265.751,33 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6410002 (Código de proxecto: 2018 2 EDUSI 6 1 Plataforma para a Administración electrónica).

Este contrato forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a

dotación económica municipal.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010095W.

[Adxudicación do expediente de obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)".]

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, a ALCOMTE GALICIA SL, o contrato que ten por obxecto o contrato de "Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña", que presenta unha proposición económica de 101.168,61 €, IVE excluído, un IVE do 21% por importe de 21.245,41 € o que fai un total de 122.414,02 €.

Designase como responsable do contrato o Director Facultativo da obra conforme o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento do contrato realizarao o enxeñeiro municipal de camiños, Miguel Fernández Solís.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 122.414,02 € con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2022 2 PPROV 35 7

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010124P.

[Adxudicación do contrato de obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)" .]

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, a ALCOMTE GALICIA SL, o contrato de "Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña". Presenta unha proposición económica de 115.062,63 €, IVE excluído, que cun IVE do 21% por importe de 24.163,15 € fai un total de 139.225,78 €.

Designase como responsable do contrato o Director Facultativo da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento do contrato realizarao o enxeñeiro municipal de camiños, Miguel Fernández Solís

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 139.225,78 € con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2022 2 PPROV 35 6.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019033Q.

[Aprobación do expediente de contratación das obras de "Rehabilitación de colector de saneamento da Avenida de Vilagarcía".]

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das Obras de "Rehabilitación de colector de saneamento da Avenida de Vilagarcía", cun orzamento base de licitación de 69.976,83 € (base imponible de 57.832,09 € máis IVE do 21% de 12.144,74 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 69.976,83 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 REURB 12 1).

22. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051731Q.

[Tomar coñecemento da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4

na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.]

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais, Servizos Básicos Comunitarios, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre maio de 2022 e maio de 2023, que supón un incremento relativo do 3,2 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 15 de xuño de 2023 no importe mensual de 869,31 € mais IVE (1.051,87 €), e importe anual de 12.622,44 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 391,56 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

Anualidade 2023 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 213,19 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 178,37 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Oficina de Contabilidade.

23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022482S.

]Aprobación do PCAP definitivo do servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela.]

Apróbase como definitivo o prego de cláusulas administrativas particulares asinado o día 30/06/2023 da contratación do Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 597.539,49 € (base impoñible por importe de 493.834,29 € e IVE do 21% por valor de 103.705,20 €).

24. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022020J.

]Aprobación do expediente de contratación de obras de execución do proxecto "Mellora da Accesibilidade ao barrio de Pontepedriña".]

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto "Mellora da Accesibilidade ao barrio de Pontepedriña", Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España, 2014-2020, cun orzamento base de licitación de 158.077,79 € (base impoñible de 130.642,80 € máis IVE do 21% de 27.434,99 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, ao abeiro do artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 158.077,79 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (código de proxecto: 2022 2 EDUSI 3).

Este contrato está incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00028033T.

[Tomar coñecemento da sentenza recaída na sentenza do PA 395/2022 CA1.]

Resolución: Sentenza nº 47/2023, do 15.06.2023

Procedemento: Procedemento Abreviado (antes Ordinario) 395/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Demandante: Telefónica España SA

Obxecto: Contra decreto que desestimou recurso de reposición interposto contra o decreto do 25.3.2022 que concedeu licenza para execución de canle soterrado de voz e datos sometida ao cumprimento de 18 condicións.

Contía: 4.941,82 euros.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é favorable aos intereses municipais, xa que estima parcialmente o recurso e declara o acto recorrido axustado a dereito agás no relativo á condición 18 da licenza, ao entender que a obriga de dar acceso ás operadoras e a obtención dunha licenza non pode condicionarse á adquisición polo concello da propiedade fóra das canles que regulan a adquisición de tal dereito.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de obras e proxectos.

26. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00029187G.

[Tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.]

Tómase coñecemento.

URXENCIAS

1- Aprobación das bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións veciñais de Santiago de Compostela.

Acórdase:

1. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións de veciños de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.

2. Autorizar o gasto de 98.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 060 33404 4890100/2023 (Orzamento con vixencia prorrogado para o exercicio 2023).

O Concello de Santiago, a través da concellaría de Relacións Veciñais, dende fai mais de vinte anos realiza anualmente unha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.

Os obxectivos xerais son dinamizar os centros e locais socioculturais que utilizan as asociacións de veciños no Concello de Santiago de Compostela para as reunións e o desenvolvemento das súas actividades; apoiar a realización dos distintos programas de actividades que potencien o interese xeral ao servizo da mellora e fomento da cultura, das relacións veciñais e da participación efectiva da cidadanía. Actividades de interese xeral (educativas, culturais, de lecer, de convivencia, festivas, etc.) que se desenvolvan nos locais que usan as asociacións, destinados a todos os públicos, promovendo as relacións e o achegamento entre os veciños dos distintos lugares do Concello, a través de programas, tanto no propio centro e para eses veciños concretos, como actividades en rede para todos os veciños da cidade.

A contía total prevista no orzamento 2023 é de 98.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 060 33404 4890100/2023.

2- Adjudicación das obras para a creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar en Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Adjudicarlle a ALCOMTE GALICIA SL o contrato que ten por obxecto as Obras para a creación dun espazo interxeneracional no barrio de Sar en Santiago de Compostela, que presenta unha proposición económica de 126.984,82 € (execución por contrata 104.946,13 € máis IVE do 21% por importe de 22.038,69 €).

Desígnase como responsable do contrato a Gregorio López Albardonedo, o Encargado- Xefe de Parques e Xardíns, de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 126.984,82 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PARQ 3 1).

3- Aprobación do expediente do Servizo SaS (Software como servizo) de interconexión e rexistros (SIR) entre o Concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Servizo SaS (Software como servizo) de interconexión e rexistros (SIR) entre o Concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas*, cun orzamento base de licitación de 32.670,00 € (base imponible de 27.000,00 € máis IVE do 21% de 5.670,00 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adjudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 32.670,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 2270600 INFORMÁTICA ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE IMPORTE

2023 5.445,00 €

2024 10.890,00 €

2025 10.890,00 €

2026 5.445,00 €

TOTAL 32.670,00 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

4- Aprobación do expediente de Subministro e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIs) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, cun orzamento base de licitación de 32.004,50 euros (base imponible de 26.450,00 euros e IVE do 21% por importe de 5.554,50 euros)

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adjudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 32.004,50 euros que se imputará á partida orzamentaria 030 92001 626000 2018 2 EDUSI 6.

5- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 10.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890013, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.
3. Aprobar o pago anticipado do 100% da contía da subvención, por un importe de 10.000 €, sempre e cando se cumpra o establecido na cláusula 16ª do convenio.

6- Constitución de Xunta de compensación.

Acórdase:

Primeiro. Tomar coñecemento da CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA AEI-B do PERI-2 (Conxo de Arriba), en escritura pública autorizada polo notario José Ignacio Feijoo Juarros -como substituto de don Héctor R. Pardo García-, o día 29.04.22, número 418 do seu protocolo, complementada por unha dilixencia posterior autorizada polo mesmo notario o 13.05.2022.

Segundo. Dar traslado á Xunta de Compensación do acordo de designación do novo representante municipal, adoptado pola Xunta de Goberno o 26.06.2023.

Terceiro. Requirir á Xunta de Compensación que solicite ao Rexistro da Propiedade certificación e nota marxinal de afección do predio 13889 (parcela 10).

7- Licenza de obra maior e demolición

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 02/03/2023 outorgada ante o notario don Alejandro Cajearo Brea co número de protocolo 484.

Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.-Conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Carlos Mezquita e Jorge Nimo de data de visado do 28/10/2022 e a documentación presentada o 01/06/2023 e o 19/06/2023, cun orzamento de execución material de 199.038,82 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada, piscina e peche no lugar A Portela de Villestro 33 C, Santiago de Compostela.

8- Ratificación da cesión de garaxe.

Ratifícase a cesión, que fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2023, da praza de garaxe número 43 do aparcamento Ponte Castro -A Rosa en Santiago de Compostela.

9- Dación de conta á Xunta de Goberno da sentenza 053/2023

Sentenza nº 053/2023

PA 080/2023 CA1

Obxecto: sanción de 200€ e retirada de puntos por conducir manexando un móbil.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de tráfico para o seu coñecemento.

10- Dación de conta de resolución xudicial á Xunta de Goberno

Resolución: Sentenza 33/2023, do 22.05.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 351/2021

Obxecto: Desestimación presunta —por silencio administrativo— do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Concelleira Delegada de Persoal nº 2021/1796, do 2.03.2021, polo que se declara a xubilación do demandante con efectos dende o día 13.06.2021 e se desestima a súa solicitude de abono do incentivo de xubilación.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza, consonte un criterio que os xulgados e tribunais ven aplicando de xeito reiterado sobre esta cuestión, considera que a resolución incumpre a cláusula 4.1 da Directiva 1999/70/CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada, ao conferir ao funcionario interino un trato desigual ao denegarlle o incentivo de xubilación sen xustificación obxectiva ou razoable.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

A sentenza é firme por razón da contía, polo que non cabe interpor recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal.

11- Dación de conta á Xunta de Goberno da sentenza 060/2023

Sentenza nº 060/2023

PA 160/2023 CA1

Obxecto: sanción de 1.000€ e retirada de 6 puntos por conducir baixo a presenza de drogas.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de tráfico para o seu coñecemento.